

SEMANA: MARTES 5 DE MAIO- VENRES 8 MAIO, 2020

ACTIVIDADES L. GALEGA

Esta semana en L. Galega, propóñovos realizar as seguintes actividades:

- **Comprensión lectora.** “Máis xogos e menos xoguetes”.
- **Repaso de contidos:**
 - O substantivo (masculino-feminino e singular-plural).
 - Palabras compostas.
 - Os signos de puntuación.
- **Expresión escrita: a receita.**

¿Estades listos? ¡Comezamos!

• **LECTURA: MÁIS XOGOS E MENOS XOGUETES**


MÁIS XOGOS E MENOS XOGUETES

Segundo unha recente enquisa internacional, os nenos son grandes consumidores. Elixen produtos e marcas tanto en alimentación como en roupa ou en xoguetes. En tempo de crise económica, parécenos oportuno reflexionar sobre este consumismo.

Os nosos fillos teñen moitos, moitos xoguetes. Seguramente demasiados. Cada ano, os Reis, Papá Noel e a xenerosidade de toda a familia fan que se nos acumulen trastes, caixas, bonecos, construcións... Logo están os caprichiños: os nenos obteñen un xoguete novo case cada semana: nas tendas de todo a un euro, nas promocións dos restaurantes, etc. Eles acumulan e acumulan. Sorpréndense ante a novidade, pero ao pouco tempo quedan aburridos dela e xa están desexando outra cousa máis. Parece que se volveron insaciáveis. É unha consecuencia da publicidade.

Pero, en realidade, eles botan de menos xogar en familia. Prefiren xogar cunha persoa antes que facelo sós cun xoguete marabilloso. Os nenos, ás veces, están moi sós entre tantos xoguetes. Algúns son capaces de xogar sós durante horas, tecendo aventuras coa súa imaxinación. Pero a maioría necesita unha persoa, un verdadeiro «xoguete interactivo»: seu pai, súa avó, súa tata, seu irmanciño maior... E diso non se aburren.

<http://botons.eu/2013/01/09/mais-xogos-e-menos-xoguetes/> (adaptación)



PREGUNTAS SOBRE A LECTURA:

1. Segundo o texto, como obteñen os rapaces a maioría dos xoguetes? Subliña as respostas correctas:

- a) Comprándoos cos seus aforros.
- b) Son regalos da familia.
- c) Recíbenos como premio dos profesores polas súas boas notas.
- d) Regálanllos nas festas de Nadal.
- e) Conséguenos en forma de caprichiño semanal.

2. Quen provoca que axiña se aburran do que teñen e queiran algo máis? Arrodea resposta correcta.

O egoísmo

A necesidade

A publicidade

Os país

3. Realmente son felices con tantos xoguetes? Por que?

4. Relaciona as palabras do recadro coa súa definición:

crise	insaciable	enquisa
traste	interactivo	consumismo

- a) _____: Conxunto de preguntas que se fan sobre un tema.
- b) _____: Gasto excesivo para adquirir cousas.
- c) _____: Que permite a relación entre dúas ou máis persoas.
- d) _____: Situación económica de escaseza.
- e) _____: Calquera obxecto vello ou que xa resulta inútil.
- f) _____: Que non se farta nunca.

5. Que prefires ti? Marca as opcións coas que máis te identifiquen:

___ Gústame xogar eu só/soa cos meus xoguetes.

___ Pásoo mellor xogando coa familia ou cos amigos que só/soa cos meus xoguetes.

___ Xogo pouco cos meus xoguetes porque me aburro enseguida.

___ Non teño demasiados xoguetes, pero chéganme para pasalo ben xogando con eles.

___ En canto vexo un xoguete novo que anuncian na tele, xa o quero para min.

• **REPASO DE CONTIDOS.**

1. Forma o feminino destes nomes masculinos:

Rapaz: _____

Home: _____

Actor: _____

Bailarín: _____

Profesor: _____

Rei: _____

2. Escribe o plural deste nomes:

Can: _____

Sofá: _____



Muller: _____

Luz: _____

Portal: _____

Canción: _____

3. Escribe o nome das imaxes. Ten en conta que todas son palabras compostas:



○ **Separa as palabras anteriores nas simples que as forman:**

4. **Relaciona as dúas columnas e escribe palabras compostas. Fai os cambios que sexan necesarios:**

medio

doce

ben

mobles

antes

bule

garda

día

agre

mañá

bule

brisas

pasado

vida

para

onte

5. Pon os signos de puntuación que faltan neste texto:

Ola Milo ____

Sabes que non me gusta moito escribir ____ aínda que me encanta recibir cartas ____
pero é que pasou algo...

Lembras a Raúl ____ o carteiro? Si ____ ho ____ faleiche del ____ o do aviso de Correos.

Desde que me mandara aquel aviso no que me pedía desculpas ____ quedabamos unha
vez por semana para parolar e ____ mira ti ____ agora é un dos meus mellores amigos ____

• EXPRESIÓN ESCRITA: A RECEITA.

Propóñoche realizar esta sinxela e rica receita na casa. Trátase dun sándwich, que é algo que nos gusta a “todos/as”. Na receita podes observar varios apartados: ingredientes, utensilios e elaboración. Aquí vola deixo:

RECEITA

Podes preparar uns exquisitos sándwichs para invitar os teus amigos a merendar. Necesitarás:

Ingredientes:

- Variedade de embutidos, como chourizo, mortadela ou xamón.
- Rebandas de queixo.
- Rebandas de pan de molde.
- Maionesa ou outra salsa que prefiras.

Utensilios:

- Coitelo dentado.
- Táboa para cortar.
- Prato grande para servir.

Elaboración:

1. Coloca o embutido, o queixo e as rebandas de pan sobre a mesa.
2. Co coitelo, recorta a cortiza das rebandas de pan. Desbota as cortizas.
3. Unta maionesa ou outra salsa nunha rebanda de pan. Coloca por riba o queixo e mais o embutido e logo pon outra rebanda de pan enriba.
4. Corta o emparedado de maneira que queden dous triángulos.
5. Repite os pasos do 2 ao 4 coas demais rebandas de pan e colócaas nun prato grande para servilas.



Agora, terás que recomendarme ti unha receita, pode ser o teu prato preferido, unha sobremesa, algo de picar... Pero terás que facela seguindo o modelo, e dicir, indicar os ingredientes, logo os utensilios e por último, a elaboración. Indicando punto por punto os pasos a seguir. Déixoches este modelo para poder facela:

The image shows a hand-drawn template for a recipe card. The card is rectangular with rounded corners and a decorative border. It is divided into four sections by horizontal lines. The top section is labeled "RECEITA:" and is currently blank. The second section is labeled "INGREDIENTES:" and is also blank. The third section is labeled "UTENSILIOS:" and is blank. The bottom section is labeled "PREPARACIÓN:" and is blank. The card is decorated with various patterns, including a diamond grid in the background, swirls, and small circles. The text is written in a simple, hand-drawn font.